

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE ABRIL DE 2016**

**LICENZAS**

**FAVORABLES.-**

**LIC/1828/2014.- MANUEL ROSENDO SOUTO BUSTELO.-** Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda en Travesía de Conxo de Arriba nº 13.

**LIC/1527/2015.- CELESTINO GESTO ALONSO.-** Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar en rúa Varela de Montes (de).

**LIC/1299/2014.- MANUEL JOSÉ MIRAMONTES GARCÍA.-** Conceder licenza para executar as obras de reforma da cuberta dun alpendre en lugar de Miramontes nº 28.

**LIC/1142/2014.- MARÍA MONSERRAT FRAGA CHOUZA.-** Conceder o cambio de titularidade de obra e licenza para o reformado de rehabilitación dun edificio para uso de apartamentos turísticos en rúa Costa Nova de Abaixo nº 38.

**LIC/1019/2009.- CONSTRUCCIONES OTERO POMBO.-** Acordar a legalización da rehabilitación e ampliación da antiga "Fábrica de Curtidos da Ribeira de San Lourenzo" no lugar de Ponte Sarela.

**RECURSO DE REPOSICIÓN.-**

**LIC/1573/2010.- D. JOSÉ CASAL TATO.-** Desestimar o recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de decembro de 2015 polo que se acordou denegar a licenza de derruba do inmovible sito en Lavacolla nº 40.

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

**LIC/325/2016.- JOSÉ IGLESIAS PAZOS.-** Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 21/09/2010, por importe de 1.500 €.-

**LIC/300/2016.- REY BARREIRO, S. L.-** Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 09/03/2010, por importe de 6.000 €.-

**LIC/198/2016.- MARÍA ELENA PORTO TORRES.-** Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 28/11/2011, por importe de 1.000 €.-

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda en Travesía de Conxo de Arriba, nº 13. (LIC/1828/2014).** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar en rúa Varela de Montes (de). (LIC/1527/2015).** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma da cuberta dun alpendre en lugar de Miramontes nº 28. (LIC/1299/2014).** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de cambio de titularidade de obra e licenza para o reformado de rehabilitación dun edificio para uso de apartamentos turísticos en rúa Costa Nova de Abaixo nº 38. (LIC/1142/2014).** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á legalización da rehabilitación e ampliación da antiga "Fábrica de Curtidos da Ribeira de San Lourenzo" no lugar de Ponte Sarela. (LIC/1019/2009).** Acórdase a legalización de rehabilitación e ampliación da antiga curtidoría, segundo o proxecto

básico e de execución redactado polo arquitecto Víctor López Cotelo, con data de visado 10/08/2000). O informe técnico entende que a actuación cumpre a normativa de aplicación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela, e a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que modifica o tratamento anterior sobre as edificacións existentes de carácter tradicional.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación de recurso de reposición contra o acordo da sesión de data 18.12.15. (LIC/1573/2010).** Apróbase a proposta

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de devolución de fianza depositada en garantía da licenza LIC/325/2016.** Apróbase a proposta.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de devolución de fianza depositada en garantía da licenza LIC/300/2016.** Apróbase a proposta.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de devolución de fianza depositada en garantía da licenza LIC/198/2016.** Apróbase a proposta.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do orzamento do ano 2013 para o servizo do transporte colectivo urbano.** Acórdase prorrogar o orzamento de TRALUSA correspondente ao ano 2013, en aplicación do prego de condicións que rexe o contrato, en tanto non se estableza a liquidación final do custo do transporte urbano do ano 2015. O déficit previsto sería de 3.486.403,51 euros, cunha compensación anual de entregas a conta desde o 1 de xaneiro de 2016 de 3.137.763,16 euros, o que supón once pagos mensuais de 261.480,26 euros e un pago de 261.480,30 euros.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade dando conta da sentenza 394/2015 recaída no P.O. 635/2012 e aboamento de cantidade correspondente á diferenza pendente da liquidación do Transporte Urbano 2008.** Apróbase o aboamento de 135.589,50 euros á empresa concesionaria do transporte urbano, en cumprimento dunha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Santiago.O fallo entende que a interpretación que fixo o Concello para a aprobación da liquidación do transporte urbano relativa a 2008 é contrario ao determinado no prego de condicións e no contrato coa empresa.

**13 a 61.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre bens inmobles.** Apróbase a proposta.

**62.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á denegación da solicitude de bonificación no imposto sobre bens inmobles presentada por D.JOSÉ LUÍS IGLESIAS AMORÍN.** Apróbase a proposta.

**63.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á estimación do recurso de reposición interposto por HNOS.MARISTAS ENSEÑANZA-PROVINCIA COMPOSTELA.** Acórdase estimar o recurso de reposición interposto por Hnos. Maristas Enseñanza-Provincia Compostela e concederlle a exención no IBI en relación a un inmovible denominado Casa Marista de Roxos do que acredita que é titular unha entidade relixiosa, en virtude do artigo IV do Acordo sobre Asuntos Económicos suscrito entre o Estado Español e a Santa Sede.

**64.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.** Apróbase a proposta.

**65.- Recoñecemento extraxudicial de crédito.** Apróbase a proposta.

**66.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Servizo para a reparación de pavimentos de calzada con**

afección á seguridade vial - Campaña inverno 2016. LOTE I: Excluído o ámbito PE-1. LOTE II: En ámbito PE-1 excluído intramuros." Adxudícase o contrato á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, por un gasto máximo previsto en cada un dos lotes de 60.000 euros, IVE aparte.

**67.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á transmisión da licenza de taxi número 49, da titularidade de D.DELFÍN GARCÍA IGLESIAS, a favor de D. JULIÁN TATO MÉNDEZ.** Apróbase a proposta.

**68.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, con competencias en Sustentabilidade, relativa á solicitude de participación no programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeadado exterior público municipal.** Acórdase solicitar a participación do Concello no programa de axudas do IDEA cun proxecto de plan de mellora enerxética das instalacións de alumeadado exterior de Santiago de Compostela. A contía da axuda solicitada a través da concertación dunha operación de préstamo reembolsable é de 1.465.194,18 euros.

**69.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia para dar conta da adhesión á "RED ESPAÑOLA DE CIUDADES POR EL CLIMA" .** Dáse conta.

**70.- Proposta da alcaldía para dar conta dos estatutos da "ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE SANTIAGO".** Dáse conta.

**71.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á desestimación da solicitude de obtención de tres postos de venda ambulante de nova creación no Casco Histórico.** Apróbase a proposta.

**72.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á concesión de axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social.** Apróbase a proposta.

**73.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á xustificación de axudas de carácter social e pagamento das mesmas.** Apróbase a proposta.

**74.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas ao desestímulo de diversas solicitudes de axudas de carácter social.** Apróbase a proposta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, relativa ao reinicio das obras de acondicionamento dunha zona de descanso de peregrinos no parque público e parque infantil de Angrois.** Autorízase o reinicio das obras, ao estar dispoñible o mobiliario doado pola Escola de Canteiros de Poio e realizados os trámites para o retranqueo dun poste de electricidade.

**2.- Proposta relativa á dación de contas da resolución de asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago. Ano 2015.** Dáse conta de que a Xunta de Galicia asignou para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2015 unha contía de 221.473,49 euros. Desa cifra, 109.936,09 xa foron librados nun primeiro anticipo, polo que o líquido a percibir polo Concello de Santiago queda en 111.537,40 euros.

**3.-Dar conta da rectificación de erro na certificación da Xunta de Goberno de data 01/04/2016, no punto número 11 relativo a "Recoñecementos extraxudiciais de crédito".** Dáse conta.

**4.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da memoria xeral de actividades das Festas da Ascensión 2016 así como o seu orzamento.** Apróbase a programación, cun orzamento de 235.082,61 euros.

**5.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da memoria de actividades do XXI Certame de Teatro Intercentros.** Apróbase a proposta, cun orzamento aproximado de 6.840 euros. Para afrontar este gasto téñese solicitada unha subvención á Deputación da Coruña.

**6.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural e Centros Socioculturais relativa á contratación do servizo de organización da festa dos Maiores 2016.** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación da organización da Festa dos Maiores 2016, polo procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 19 euros/comida, IVE aparte. O gasto máximo previsto é de 35.530 euros, e o prezo público para os asistentes será de 7 euros.

**7.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á determinación de servizo prioritario a efectos de nomeamento e persoal funcionario interino ou laboral temporal.** Apróbase a proposta.